



CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

| |
|-----------------|
| Nº 97 |
| FEBREIRO 2009 |
| Editado 6/02/09 |

Edita: Club Montañeiros Celtas.
 Dirección: Xulio Troitiño Dapena
 Coordinación: Xulio Troitiño Dapena - Deseño e maquetación: Enrique Soto
 Traducción: Xulio Troitiño - Normalización lingüística: Enrique González Cameselle
 Colaboran neste número: Ana Caramés, Victor, Antonio Fernández, Xulio Troitiño, Oscar Quiñones, Xavier A. Posa e as seccións deportivas do club.
 Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.
 Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística.



XUNTA DE GALICIA
 PRESIDENCIA
 Secretaría Xeral de Política Lingüística



Colabora Concello de Vigo - Área de Participación Cidadá

VINDEIRAS ACTIVIDADES

| FE | DI | LUGAR | ACTIVIDADE | ORGANIZADOR |
|----------|-------------|---------------------|---|------------------------|
| FEBREIRO | 1 | Manzaneda | Iniciación ao esquí de travesía | S.D. Esquí |
| | 7-8 | | Curso Alpinismo-Nivel 1(1ª parte) | FGM- EGAM |
| | 8 | Entrimo | Sendeirismo | S.D. Sendeiros |
| | 14-15 | | Curso Alpinismo-Nivel 1(2ª parte) | FGM- EGAM |
| | 14-15 | | Campamentos de Inverno | S.D. Montaña |
| | 14-15 | Mondoñedo | Xornadas de técnica vertical | S.D. Espeleoloxía |
| | 15 | | Percorrido esquí de Montaña | FGM- Xistra |
| | 20 | Local Social | Festa de entroido | S. Actividades Sociais |
| | 21-22 | Alto Campóo | Corredores | S.D. Escalada |
| | 21-22 | Alto Campóo | Xornadas de esquí | S.D. Esquí |
| | 21-22 | | Curso Alpinismo-Nivel 2 (corredores) | FGM- EGAM |
| | 22 | Monteferro | Inmersión submarina | S.D. Act. Subacuáticas |
| | 28 | Local Social | Xornada de mantemento de crampóns e piolets | S.D. Montaña |
| 28 | Hotel Coia | Cea anual | S. Actividades Sociais | |
| MARZO | 6 | Local Social | Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria | Xunta Directiva |
| | 7-8 | | Curso Aproximación a Montaña Invernal | FGM- EGAM |
| | 7-8 | Porto de San Glorio | Esquí de montaña en Cantabria | S.D. Esquí |
| | 8 | Xistelo (Portugal) | Sendeirismo | S.D. Sendeiros |
| | 14-15 | | Saída infantil-xuvenil | S.D. Espeleoloxía |
| | 14-15 | | Curso de Escalada en Xeo | FGM- EGAM |
| | 19-22 | Gredos | Montañismo | S.D. Montaña |
| | 21-22 | | Campamento Infantil de Inverno | S.D. Infantil |
| | 29 | Baiona | Btt na Serra da Groba | S.D. Bici de Montaña |
| | 29 | Budiño | Escalada en Bloque | S.D. Escalada |
| 29 | Ría de Vigo | Inmersión submarina | S.D. Act. Subacuáticas | |

CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: www.celtas.net
- ♦ Correo electrónico: info@celtas.net
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres

ASEMBLEA XERAL ORDINARIA 2009

CONVOCATORIA

A actual Xunta Directiva, ao abeiro dos nosos Estatutos e do disposto nos seus artigos 20 e 21 convoca **ASEMBLEA XERAL ORDINARIA**, que se celebrará o día Venres 6 de Marzo de 2009, ás 20:00 horas, en primeira convocatoria, e ás 20:30 horas, na segunda, no local Social da nosa entidade sito na Avda. Camelias núm. 78, oficina K, de Vigo, coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Saúdo do presidente e presentación da actual Xunta Directiva do Club Montañeiros Celtas.
 2. Aprobación, se procede, da Acta da Asemblea Xeral Ordinaria celebrada o 4 de Abril do 2008.
 3. Presentación e debate de memorias de actividades do ano 2008.
 4. Presentación e aprobación, se procede, das contas do ano 2008, Balance, Liquidación de Orzamento.
 5. Presentación e aprobación do Orzamento para o ano 2009.
 6. Rogos e preguntas
- Esta convocatoria foi aprobada pola Xunta Directiva na súa

reunión do día 8 de Xaneiro do 2009.

Notas:

-As actas da Asemblea do 4/04/08 non se lerán na Asemblea.

-Estará a disposición dos socios na oficina do Club e/ou no Taboleiro de anuncios a seguinte documentación:

Actas da Asemblea antes indicadas,
 Censo dos socios con dereito a voto nesta Asemblea,
 Balance do ano 2008.

Unha vez rematada a Asemblea Xeral Ordinaria, convocarase a **Asemblea Xeral Extraordinaria** con un único punto do día:

1. Dimisión do Presidente e da actual Xunta Directiva.


NOTA: Dada a situación actual de colapso que vive a presente Xunta Directiva fai un chamamento á masa social do club para que se presenten voluntarios para poder cubrir determinados postos dentro do organigrama do club, pois se non resulta imposible seguir coas actividades normais do club.

Neste número:

| | |
|---------------------------|---|
| Convocatoria | 1 |
| Axenda | 2 |
| Cea Aniversario | 2 |
| Concurso de Montaña | 2 |
| Licenzas Federativas 2009 | 3 |
| Sendeirismo | 4 |
| Montañismo | 5 |
| Esquí de Montaña | 5 |
| Bici de Montaña | 6 |
| Actividades Subacuáticas | 6 |
| Espeleosección | 7 |
| Vindeiras Actividades | 8 |

AXENDA

| DATA | LUGAR | TIPO DE EVENTO | PONENTE |
|----------|--------------|------------------------------------|---------------|
| 13/03/09 | Local Social | Ciclo de cine documental | Xacobe |
| 27/02/09 | Local Social | Documental sobre o maltrato animal | Paula Cudeiro |



Documental sobre maltrato animal

Dirixido por Shaun Monson e narrado por Joaquin Phoenix, Earthlings é un documental acerca de como a nosa especie utiliza actualmente a outras especies animais. Para iso utilízanse cámaras ocultas e imaxes do día a día das prácticas dalgunhas das máis grandes industrias do mundo que se enriquecen cos animais.

O documental está dividido en cinco partes: mascotas, alimentación, peles, entretemento e experimentación. A finalidade do documental é a denuncia das actividades especistas ás cales a maior parte da poboación está afeita, sendo un tipo de discriminación que se normalizou ata a data.

ACTIVIDADES SOCIAIS

CEA 67 ANIVERSARIO



Menú
Aperitivo variado
Langostinos á prancha
Cordeiro ao forno e tenreira
asada con guarnición
Torta de San Marcos
Cafés e licores

A continuación da cea, chega o momento da entrega de medallas, que serán par os que fan 50 e 25 anos de asociados.

Haberá animación musical!

Xa vos podedes anotar na lista, pero, por favor, facédeo antes do 25 de febreiro
Prezo: 30 euros

HOTEL COIA
Rúa Sanxenxo, 1. Vigo
Aparcadoiro gratuito
28 de febreiro, ás 21:30 h

Homenaxeados
Cumpren 50 anos:
Elisardo Abalde Saa
M^a Carmen Fernández Franco
Cumpren 25 anos:
Manuel López Carballal
Liberata Abralde Amigo
Beatriz Pereira Domínguez
M^a Filomena Gómez Táboas
Antía Noya Urdiales
Javier Álvarez Valverde
Ana Fernández Fernández
Jesús Egido Pérez

Club montañeiros Celtas
E no seu nome o seu presidente concede

○ Título de "Montañeir@s de 1ª Categoría" a **Concepción Silva Veiga**
Victor Revenga Lama
Jose Lucrecio Álvarez Pousa

○ Título de "Montañeir@s de 2ª Categoría" a **Xabier Baiado Garcia**
Mónica Martínez García
Roberto Arjones Vázquez

○ Título de "Montañeir@s de 3ª Categoría" a **Rosa Ramilo Costas**
M^a Fernanda Marcos Fernández

polos méritos adquiridos no CONCURSO DE MONTAÑAS 2008

Vigo, 22 de decembro de 2008
○ presidente

ACTIVIDADES SUBACUATICAS

PECIO IVI 23 novembro 2008

Despois dunha tempada no "dique seco", reencontreime cos compañeiros de mergullo: os novos e os vellos. Non podíamos ter un día mellor para un 23 de novembro-08. Xa tiña ganas de coñecer á xente nova, despois de "ilustrarme" cos sabios correos do sarxento Oscar.

Chegada ao Náutico de Vigo ás 9 h. e saída con Atlantis ás 10 h. Viaxe no barco sen incidencias, o mar acompañounos ata o noso destino, o pecio "IVI" ao carón norte das Illas Estelas. Este pecio é un buque cargueiro que naufragou cun cargamento de mineral de ferro, foi parcialmente desguazado, e o que queda é unha mestura de xardín volcánico e chatarrería. Curiosamente ten unha boa vida animal de grande tamaño: polbos, chocos, pintos, maragotas, fanecas, congres... Como anécdota contareivos que baixei a este pecio hai 5 anos e vin un bogavante que seguía no mesmo lugar "algo máis vello". Non creo que chegue a vella a centola de 4 patas e todas pola "dereita" que me ensinou o meu compañeiro.

Dividimos os grupos entre os 11 mariñeiros. Uns foron practicar a colocación e tira de liñas (os do curso de Avanzado) e nós (Emilio, Diego, Xabi e Oscar) formamos grupo dirixido polo "sarxento de ferro". Baixada polo cabo ata o buque. Xiro polo costado e volta pola cuberta ata chegar ás adegas onde se atopaba o bogavante. Oscar ordeounos a min e máis a Emilio quedar fóra

mentres el investigaba se era lugar "seguro", je, je, je. Eu din unhas voltas polo sitio ordeado, mentres Emilio (fiel soldado) non se moveu do lugar, je, je, je. Revisamos os manómetros e regresamos ao cabo, maxistralmente guiado polo noso comandante en xefe (a pesar de non funcionar as brúxulas polo ferro). De regreso a porto, xa máis animados polo licor do capitán do barco comentamos as incidencias e quedamos para a vindeira saída de decembro; aínda que non sei como se apañará o noso sarxento para comer as uvas baixo a auga, je, je, je. Xa cavilará algo.

Xavier A. Posa



ESPELEOSECCIÓN

Espeleo en Asturias 6-9 decembro 2008

Decidimos ir a Asturias na ponte e aproveitar para coñecer un pouco máis o subsolo asturiano. A idea era ir a Torca Juanín, que algúns xa coñecíamos, e algunha outra que o tempo nos permitira.

Empezamos pola Cova da Trapa, moi pretiño de Oviedo, que fixo as delicias de quenes puideron visitala (a algún faltoulle o casco). Ao día seguinte, fomos a Torca Juanín, aproveitando a instalación en fixo que estaba para a súa revisión por un club asturiano e a participación dalgún espeleólogo do noso club. A cova sigue sorprendendo incluso para quenes xa a coñecen e a sorpresa ven despois dun angosto laminador estreito, que se abre para ofrecernos as maravillas da "sala azul", onde as formacións teñen unha curiosa cor azulada, produto, din os entendidos, do carbonato de cinc. Sen moito tempo e gañas para ir ata a sala branca, demos volta e a pedalear ata a boca, para saír á noite estrelada que nos esperaba.

Xa o último día, visita por Oviedo para degustar os seus queixos e sidra e volta para Vigo.

A Seccion



Asemblea GES de Montañeiros Celtas 11 xaneiro 2009

O pasado 11 de xaneiro tivo lugar a asemblea anual da sección de espeleo no local do club. Deuse conta das actividades realizadas durante o ano pasado, onde ademais das actividades propias da sección, organizouse un ano máis o campamento infantil-xuvenil da FGE e participouse en campañas de exploración en Picos de Europa e Cantabria, ademais de seguir explorando no Hornijo, este ano co bo

tempo como resultado destacado.

Asimesmo, expuxéronse as actividades previstas para o 2009 e informouse tamén da situación actual da FGE, co nomeamento dun novo presidente.

Por outra banda, e como ven sendo habitual, ao rematar a asemblea organizouse unha cea con todos os asistentes e invitados onde se deu boa conta de toda a variedade de pratos que se levaron.

A Sección

BICI DE MONTAÑA

Bici de montaña no camiño da Franqueira 15 novembro 2009

O pasado 15 de novembro un grupo de 8 intrépidos ciclistas dispuxéronos a recorrer como uns romeiros o camiño que leva á Franqueira dende a Vila de Redondela, para o cal seguimos diferentes camiños, pistas e estradas que unen as distintas parroquias polas que vai pasando o camiño co lugar da Franqueira, onde se atopa o famoso santuario que era o noso destino final.

O día presentábase con moi bo aspecto, lucía un sol espléndido e a temperatura aínda que era fresca nas primeiras horas do día e nas zonas umbrías, era a ideal para a práctica da bicicleta de montaña.

Así que saímos do centro de Redondela para encamiñarnos ata a ermita do Santo Aparecido, no concello de Pazos de Borbén, onde fixemos a primeira paradiña que aproveitamos para comer un bocado e gozar das vistas que nos ofrecía o val do río Borbén, onde se nos deleitaba un mar de nubes. Posteriormente descendemos ata o val e cruzamos o río a altura do lugar de Sequeiros, para proseguir camiño do lugar de Toutón. Unha vez aquí, baixamos pola estrada ata chegar a Mondariz, onde



fixemos outra parada técnica na área recreativa do río Tea. Despois disto, afrontamos a última etapa do camiño, que era a máis dura, posto que dende Mondariz ata A Franqueira había que salvar un desnivel de cerca de 600 metros en case 15 quilómetros, así que foi a que máis tempo nos levou, posto que as forzas estaban bastante xustas. Deste xeito, eran preto das 5 da tarde cando chegamos ao punto de destino, así que sen moito tempo que perder gozamos duns pinchos de empanada e bizcoitos varios, antes de que se nos viñera a noite enriba, posto que aínda había que retornar a Redondela, para o que tiñamos dúas furgonetas que nos farían o transporte.

Xulio Troitiño

Vindeiras actividades de Bici de montaña

Bicicleta de montaña na Serra da Groba (29 marzo 2009): Despois do parón invernal xa é hora de retomar as actividades de bicicleta de montaña. Neste caso daremos unha volta pola Serra da Groba, comezando en Baiona para encamiñarnos ata o concello do Rosal, onde visitaremos os muiños do Folón.

ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

Baixo Salgueirón 21 decembro 2008

A mañá presentouse case perfecta para ir a Cíes, como estaba programado; pero unha vez máis Ángel o noso patrón, indicounos que o mar non estaba en condicións para a travesía, mirámonos e pensei que seguramente sería cousa de que as reservas dese líquido acuoso e escuro estaban baixo mínimos e non chegarían para os do Parque?

Para contrarrestar o agravio fomos a un punto de mergullo novo; situado na Enseada de Cangas, moi preto dunha baliza enfiada con Maso. Moita corrente en superficie e pouca visibilidade no fondo, xa estamos afeitos, o raro sería o

contrario; o noso xefe de grupo, Daniel, íao ter difícil na súa práctica de Divemaster: guiar a sete sen perdelos, un deles Xabi, o meu asilvestrado compañeiro.

Fondo de rochas de mediano porte, con pequenos desfiladeiros de area, abundancia de gorgonias e laminarias mutiladas... unha volta... que non temos frío... outra volta... que non temos frío; o noso xefe quería subir xa, pero nós queríamos máis; está ben, imos darlle vidiña para que lle aproben a práctica, así que todos arriba tras 45' de mergullo. Algúns como sempre practicaron coas boias, unha delas deu fe da corrente, pois se a deixásemos, si que a recollíamos nas Cies.

Óscar Quiñones

Club Montañeiros Celtas

LICENZAS FEDERATIVAS 2009

COMPAÑÍA ASEGURADORA: **MUTUALIDAD GENERAL DEPORTIVA**

| MODALIDADE | | A | B-1 | B-2 | B-3 |
|-------------------|------------------|--------|--------|-----------------|--------------|
| AMBITO XEOGRÁFICO | | ESPAÑA | ESPAÑA | EUROPA-MARROCOS | TODO O MUNDO |
| MAIORES | dende os 18 anos | 43,25 | 62,85 | 90,10 | 117,40 |
| XUVENÍS | de 14 a 17 anos | 33,45 | 53,05 | 80,30 | 107,60 |
| INFANTÍS | de 8 a 13 anos | 20,25 | 33,95 | | |

COMPAÑÍA ASEGURADORA: **SABADELL**

| MODALIDADE | | BÁSICA "A" | B | C | D |
|-------------------|------------------|------------|--------|---|--|
| ÁMBITO XEOGRÁFICO | | ESPAÑA | ESPAÑA | ESPAÑA, PORTUGAL, ANDORRA, PIRINEOS FRANCESES | TODO O MUNDO (Excepto por riba dos 7000 m. ou dentro dos círculos polares) |
| MAIORES | dende os 18 anos | | 47,07 | 79,23 | 132,87 |
| XUVENÍS | de 14 a 17 anos | | 37,27 | 65,64 | 96,46 |
| INFANTÍS | de 8 a 13 anos | 13,44 | | 26,49 | 68,41 |

LICENZAS MONTAÑISMO (FGE)

| Disciplinas Aseguradas | Modalidade Básica "A": | Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo. |
|------------------------|------------------------|--|
| | Modalidade B: | Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo. |
| | Modalidade C: | Excursionismo, Campamentos, Marchas e Sendeirismo, Montañismo, Alpinismo, Escalada, Descenso de Cavorcos, Campamentos en Iglús, Carreras de Montaña, Espeleoloxía e Bici de montaña. |
| | Modalidade D: | As mesmas da modalidade C, ademais de Esquí en todas as súas modalidades |
| | Modalidade E: | As mesmas da modalidade D, ademais das Expedicións |

NOTA: Os duplicados do carnet federativo, por extravío ou ampliación da cobertura, terán un custo adicional de 2 Euros.

COMPAÑÍA: **MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA**

| MODALIDADE Ambito xeográfico | Maior | Xuvenil | Infantil |
|------------------------------|-------|---------|----------|
| BÁSICA A España | 22,35 | 19,98 | 15,68 |
| BÁSICA B Europa e Marrocos | 28,15 | 25,78 | 19,73 |
| BÁSICA B1 Resto Mundo | 35,20 | 32,83 | 32,83 |
| PLUS A España | 40,30 | 37,93 | 33,63 |
| PLUS B Europa e Marrocos | 50,50 | 48,13 | 42,08 |
| PLUS B1 Resto Mundo | 64,30 | 61,93 | 61,93 |
| COTA HABILITACIÓN F.E.E. | 17,00 | 11,00 | 4,00 |

Cobertura "Básica"
As actividades cubertas son: Espeleoloxía, Descenso de Canóns e Espeleomergullo.

Cobertura "Plus"
As actividades cubertas son: Espeleoloxía, Descenso de Canóns, Alpinismo, Canoa, Kaiak, Sendeirismo, Esquí de fondo e Snowboard, Esquí Alpino (excluíndo o Esquí Alpino fóra de pista), camiónata con esquis ou raquetas, Escalada en rocha ou obstáculos artificiais, Bicicleta de montaña todo terreo, emprego de "Vías Ferratas" e Mergullo en todas as súas formas.

Máis información: www.espeleoloxia.org

Todos os/as espeleólogos/as poderán optar por calquera das coberturas e modalidades, debendo prever no momento da solicitude as posibles actividades no estranxeiro ao longo do ano, xa que aínda que é posible, o cambio de pótzia sempre pode dar dificultades de xestión e algún custo adicional en concepto de gastos de reimpresión da nova licenza.

LICENZAS MERGULLO (FEGAS)

| COMPAÑÍA: MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA | | | |
|--|------------------|--------------------|------------------|
| ASEGURADORA: MUTUALIDAD XERAL DEPORTIVA | Infantil 13 anos | Xuvenil 14-15 anos | maior de 16 anos |
| DEPORTISTAS | 10,5 | 25 | 42 |
| INSTRUCTORES E MONITORES | 42 | | |
| ÁRBITROS E DIRECTIVOS | 42 | | |
| EXTRANXEIROS | 42 | | |

LICENZAS DEPORTES DE INVIERNO (FGDI)

50 Euros/ano, 30 Euros/10 días.
Ámbito Xeográfico MUNDIAL.

Máis información en www.fgdi.es

SENDEIRISMO

I Xuntanza de Sendeiristas Galegos 19 outubro 2008

A I Xuntanza de Sendeiristas Galegos inaugurouse cunha ruta por Forcarei

A andaina, que se fixo en colaboración coa Federación Galega de Montañismo, promoveuse con motivo da apertura do PR-G 100

O día 19 de Outubro, os sendeiristas e montañeiros do Club desprazámonos ata Forcarei para celebrar a I Xuntanza de Sendeiristas Galegos, organizada polo Concello en colaboración coa Federación Galega de Montañismo, con motivo da inauguración do PR-G 100.

Ás dez da mañá estabamos 497 sendeiristas de toda Galicia diante do mosteiro de Santa María de Aciveiro dispostos a aproveitar o bo tempo, e sobre as 10,30 puxémonos en marcha.

Trátase dun sendeiro circular de 15 quilómetros que arrinca no mosteiro e pasa por Vilaverde, A Rochela, A Lomba, Alto de Penadoira, Lamasgalán de Arriba, Lamasgalán de Abaixo, Mouro Negro, Ponte Vella de Andón, Andón, río Lérez, O Cotiño, para outra vez chegar ao Mosteiro de Aciveiro. Un camiño que resulta demasiado curto porque a paisaxe é fermosa e un queda con ganas de máis.


Sobre as dúas e media da tarde xa estabamos de volta, e gozamos da hospitalidade do concello, que ademais de amenizarnos con música da

terra, deunos de comer e beber durante o camiño e xa chegados ao mosteiro.

Mentres os que chegaron máis tarde acababan de comer, o alcalde e un representante da Federación Galega de Montañismo fixeron entrega dun diploma a Miguel Carrillo Estévez, socio de Celtas, e a Joaquín Dios García, socio de Peña Trevinca, pola súa dedicación e divulgación da práctica do sendeirismo.

Tódolos participantes foron agasallados cunha camiseta como recordatorio da marcha e agardamos que o ano que vén se celebre a II Xuntanza, porque todos quedamos encantados co camiño, coa paisaxe e co trato dos organizadores.

Ana Caramés



“Miguel Carrillo Estévez, socio de Celtas, e Joaquín Dios García, socio de Peña Trevinca, foron agasallados cun diploma pola súa dedicación e divulgación da práctica do sendeirismo”

MARCHA DE OUTONO: Marcha das Brandas 16 novembro 2008

O domingo 16 de novembro ás 10:00h, 41 montañeiros iniciamos esta marcha social nun pinar (lindo) próximo á Branda de San Bento do Cando. Tras dúas horas de marcha con vistas a O Pedrinho, o Bragadela, A Pedrada, Outeiro Alvo, Castillín e Penameda. Lagarto chegamos aos Currais Vellos, descansando na súa pradería, admirando os seus currais probablemente neolíticos e masticando algo con vistas ao Quinxo.

Pegados a un rego descendemos ata a Branda de Gorbela e seguindo unha imaxinaria curva de nivel pasamos polas Brandas de Junqueiras e Bosgalinhos, onde entre as súas Cortinhas (Algunhas son agora chalés) comemos. Sobre as 15:00h chegamos á Branda de San Bento e na tasca de detrás da ermita o club invitou a café e sobaos. Varios membros da marcha actuaron de camareiros e lavaplatos e grazas a eles puidemos tomar café antes de ceiar.

Vinte montañeiros continuamos ata o santuario da Peneda, e cinco deles desviáronse

ao Lagarto (Penameda). Cruzáronse bosques, regos e a laguna. O resto foron en bus ao santuario e todos xuntos ás 18:00h compartimos chourizo, queixoo e bebidas (cervexa, panachê, zumo...) tamén por xentileza do club.

Ás 21:00h o bus-taxi deixounos enfrente do club.

O sol luciu toda a marcha e o frío non se presentou en toda a xornada.

Víctor



Club Montañeiros Celtas

SENDEIRISMO

Saída do "Sendeiro dos Mortos" 11 xaneiro 2009

Sáimos ás nove no bus uns e unhas trinta magníficas, cara a aldeia preto de Monçao; cunha mañá totalmente branca do orballo xelado ao longo da noite. Despois de xuntarnos con Elena, a auténtica guía oficial, a beira dunha igrexa escomenzamos o "trilho", ben sinalizado, por unha corredoria das que son moi comúns no país irmán. O mesmo segue por carreiros e cortafogos conseguindo a variedade plena. Coma todos os sendeiros no norte de Portugal, a orografía é plenamente desigual, isto obriga á vexetación á variedade: aparecen limitados bosques de coníferas, carballos, vidueiros etc; contrastando co estrume de terreo máis falto de auga, todo en perfecta harmonía. Aproveitamos unha chan con hocos no medio dos toxos, facendo os mesmos de comedor de primeira, pra dar conta das viandas, xunto coas galfrumadas e pingas de todo tipo con un postre de cánticos e chistes. Pisamos neve e xeo en cantidade, isto cun día

expléndido, permitíndonos o mesmo ollar, ao preto e ao lonxe, todo o que nos é propio, cando menos visualmente. Coma sempre, todos estabamos na línea de dar o mellor de nós co grupo, o que esperamos servira pra que tivera un bon escomenzo a nova compañeira, que nos honrou ca súa presenza.

Antonio Fernández



MONTAÑISMO

Actividade de Montaña: Quirós 6-8 decembro 2008

Esta era unha das saídas que o club tiña programada conxuntamente cos nosos colegas do Club Pena Trevinca, e tiña unha pinta fabulosa. Mágoa do tempo que nos estragou os plans e non nos permitiu facer a travesía polos

Oubiñas, nen nos permitiu facer ningún cumio.

Durante toda a semana anterior a ponte estivera a nevar na zona e semellaba que íamos atopar neve en abundancia, pero o día anterior a partirmos subiron as temperaturas e entrou un frente que trouxo auga en abundancia, polo que moita da neve se derreteu. Aínda así nas partes altas das montañas había neve en cantidade, pero bastante ablandada, polo que facía difícil a progresión, así que nos tivemos que consolar con facer progresións ata as faldas das Tres Marias, na zona de Barrios de Luna, e o Peña Rueda, na vertiente norte do macizo dos Oubiñas. Este foron os obxectivos dos dous primeiros días, nos que a chuvia e as neboas nos acompañaron e só nos permitiron gozar das paisaxes en contadas ocasións.

O terceiro e último día fixemos un sendeiro, partindo do albergue no que estivemos aloxados en Arrojo (Val de

Quirós), para encamiñarnos ata o desfiladeiro das Xanas, lugar máxico, onde puidemos gozar da compañía destes seres da mitoloxía astur.

En fin, aínda que non saíu como estaba planexado, pódese dicir que as cousas non saíron tan mal e gozamos duns fermosos paseos pola montaña Asturiana.

Xulio Troitiño



ESQUÍ DE MONTAÑA

ESQUÍ EN ALTO CAMPOO CANTABRIA 21-22 DE FEBREIRO DE 2009

Saída o venres 20 de febreiro ás 18:00 horas fronte ao local do club na rúa Camelias.

Prezo do albergue: 33 euros, incluíndo 2 noites de dormida, 2 almozos e a cea do sábado. Hai 46 prazas reservadas, con preferencia para os que viaxan no autobús.

Forfaits: o club encárgase de coller os Forfaits para todos os participantes e para os dous días cun custe (prezo de grupo:

minimo 20 persoas) de 38 euros para os adultos e 27 euros para os infantis (menos de 12 anos).

Prezo do autobús: 29 euros para os socios, 37 euros para os non socios que estean federados e 44 euros para os non socios.

Hai posibilidade de alugar o material de esquí e contratar clases segundo nivel do esquiador ou esquiadora.

A lista estará aberta dende o 25 de xaneiro.

Máis información nas oficinas do club.